

Orde do 29 de xaneiro de 1993 da axudas ás entidades locais para a erradicación do chabolismo na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 1993.

O Decreto 266/1989, do 23 de novembro, desenvolve a lei 5/1989, de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A súa disposición adicional segunda faculta o conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas para dictar, no ámbito das súas competencias, tódalas disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento da devandita norma.

En uso da referida autorización,

DISPOÑO

Artigo 1º

A concesión destas axudas instrumentarase financeiramente a través do crédito consignado na aplicación 006.050.331A.760 dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1993.

Artigo 2º

Para os efectos da presente orde continúan vixentes os límites porcentuais das subvencións establecidas no artigo 2º da Orde do 26 de abril de 1991.

Para a tramitación e concesión das axudas haberá que aterse ó determinado na Orde do 7 de xuño de 1990, e na Resolución do 17 de outubro de 1990 do Instituto Galego da Vivenda e Solo, no que non resulte modificado pola presente orde.

Artigo 3º

O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 29 de outubro de 1993.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 1993.

José Cuiña Crespo

Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Consellería de Agricultura, Gandería e Montes

Decreto 29/1992, do 11 de febreiro, sobre declaración do parque natural de Baixa Limia-Serra do Xurés.

O parque natural de Baixa Limia-Serra do Xurés é un lugar de gran interese pola súa xeomorfoloxía e as súas paixases así como polo gran valor da súa flora e fauna, o que unido á proximidade do parque nacional de Peneda Xerês, co cal é colindante, aumenta aínda,

se cabe, a importancia da súa declaración como espacio natural protexido.

Os recursos naturais de este espacio requiren unha ordenación que se regula a través do correspondente Plan de Ordenación dos Recursos Naturais, elaborado pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, co obxecto de salvagarda-los valores naturais do espacio dos impactos negativos que puideran degrada-la calidade do contorno.

Para harmoniza-lo desfrute, visita e estudio destes lugares, así como o aproveitamento dos seus recursos naturais de forma compatible coa conservación dos valores ecolóxicos e paisaxísticos do espacio, establécese esta normativa que garante a súa persistencia.

Por estas razóns, e por proposta da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e despois de deliberación do Consello de Goberno, na súa reunión do once de febreiro de mil novecentos noventa e tres,

DISPOÑO

Artigo 1º

A finalidade do presente decreto é o establecemento dun réxime xurídico especial de protección para o espacio denominado Baixa Limia-Serra do Xurés, mediante a súa declaración como parque natural, de acordo co establecido no artigo 13 e concordantes da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres.

Este réxime xurídico especial oríentase á protección e conservación da súa flora, fauna, constitución xeomorfolóxica e paisaxe en atención ó carácter singular do territorio determinado pola configuración do seu relevo e a súa vexetación.

Artigo 2º

1. O parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés ocupa unha superficie de 20.920 ha. Está situado nos termos municipais de Entrimo, Lobios e Mufños, na provincia de Ourense.

Os seus límites xeográficos especifícanse no anexo I do presente decreto.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, a Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, poderá incorporar ó parque outros terreos colindantes con el que reúnan as características adecuadas para iso, en calquera dos seguintes supostos:

a) Que sexan propiedade do Estado, logo de conformidade deste.

b) Que sexan propiedade da Comunidade Autónoma.

c) Que sexan aportados voluntariamente polos propietarios para tal efecto.

d) que se consideren apropiados para mellorar e garanti-la conservación do espacio natural.

3. A declaración do espacio como protexido leva aparelada a de utilidade pública, para efectos expropiatorios dos bens e dereitos afectados.

4. Á comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle os dereitos de tanteo e retracto en tódalas transmisións onerosas intervivos de terreos situados dentro do parque.

Para o exercicio dos ditos dereitos, o transmitente notificará fidedignamente á Administración autonómica as condicións esenciais da transmisión pretendida e, se é o caso, o transmitente e o adquirente remitiranlle copia da escritura na que foi instrumentada a citada transmisión.

O dereito de tanteo exercerase nun prazo de tres meses e o de retracto nun ano, ámbolos dous contados desde a correspondente notificación, que deberá efectuarse en todo caso e será requisito necesario para inscribi-la transmisión no Rexistro da Propiedade.

5. Sen prexuízo do anterior, o Consello da Xunta de Galicia poderá autorizar permutas de terreos propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia e dos organismos dependentes dela, por outros situados no interior do espazo protexido ou na súa periferia, por iniciativa da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e de acordo co disposto na Lei de patrimonio, logo do informe da Xunta Rectora do parque, a que se fai referencia nos artigos 6º e 7º do presente decreto.

Artigo 3º

1. Para evitar actividades e aproveitamentos que, directa ou indirectamente, poidan producir perda dos valores naturais ou paisaxísticos do espazo, toda actuación que supoña unha transformación sensible da realidade física ou biolóxica dentro da área protexida, con independencia dos trámites regulamentarios que procedan, deberá ser aprobada e supervisada pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, logo de informe da Xunta Rectora.

2. A aprobación a que fai referencia o apartado anterior condicionárase á previa realización dun estudo sobre a incidencia ambiental da actividade proposta.

3. O Plan de Ordenación dos Recursos Naturais e o Plan Rector de Uso e Xestión a que se fai referencia nos artigos 4º e 5º deste decreto regularán os usos dos recursos naturais, as actividades e actuacións de todo tipo que incidan ou poidan incidir naqueles, así como o destino das instalacións existentes.

4. Serán obxecto de protección especial as actividades gandeiras e forestais que contribúan ó mantemento dos equilibrios ecolóxicos esenciais.

5. Sen prexuízo do previsto nos apartados anteriores e no desenvolvemento ulterior do Plan Rector de Uso e Xestión, en todo o ámbito do Parque Natural non se poderá realizar:

a) A introducción de especies animais e vexetais e en especial as exóticas susceptibles de asilvestrarse, salvo nos casos expresos en que a autoridade competente o decida.

b) Vertidos de contaminantes nas augas da zona, así

como minicentraís hidroeléctricas, sexa cal sexa a potencia instalada.

c) Os vertidos de lixo, entullo e residuos sólidos en xeral fóra das zonas expresamente sinaladas.

d) O uso do lume sen control ou autorización previa, ou fóra dos lugares expresamente sinalados.

e) A circulación de vehículos motorizados fóra das estradas, pistas e itinerarios permitidos, agás cando corresponda ás actividades agropecuarias ou usos autorizados.

f) A acampada non controlada.

g) As actividades económicas extractivas que entren en conflito coas finalidades de creación do parque e de modo especial, canteiras, graveiras, areiras e minaría, tanto subterráneas como a ceo aberto.

h) Os aproveitamentos forestais ou corta de árbores indiscriminados ou que non estean recollidos nos proxectos de ordenación ou, no seu defecto, nos plans técnicos correspondentes ou con autorización expresa do servizo competente, salvo que resulten necesarios para o mantemento do equilibrio do sistema vexetativo, por motivos fitosanitarios, para a realización da infraestrutura de defensa contra incendios forestais realizada de acordo co programa de medidas preventivas que, ó respecto, elabore a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, ou se realicen en terreos tutelados pola Administración Forestal.

i) As actividades cinexéticas ou de pesca en augas continentais fóra das zonas, épocas, cupos ou especies permitidas.

j) As actividades de carácter comercial, carteis, anuncios e similares.

k) Toda aquela actividade urbanística que non siga as directrices que se expresan no Plan de Ordenación dos Recursos Naturais.

l) Instalacións de elementos artificiais de carácter permanente que limiten o campo visual, rompan a harmonía da paisaxe ou desfiguren as perspectivas.

m) O establecemento de calquera posto de venda, a venda ambulante e toda actividade comercial que non estea nun centro cerrado ou núcleo urbano, excepto as expresamente autorizadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

n) A recolección de material biolóxico, xeolóxico, arqueolóxico ou histórico salvo naqueles casos en que por razóns de investigación ou educativas se permita, logo de autorización.

o) A aterraxe e voo a baixa altura salvo en caso de emerxencia e naqueles casos expresamente autorizados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

p) A práctica de tiro ó prato, o uso de escopetas de aire comprimido e todo tipo de armas.

q) Tirar cabichas, latas, botellas, plásticos ou calquera obxecto, así como o abandono de artefactos no recinto do parque.

r) O emprego de megáfonos ou calquera aparello ou instrumento a un volume tal que perturbe a tranquilidade do parque.

s) A realización de actividades profesionais comerciais de cinematografía e vídeo sen a autorización expresa da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

t) Calquera actividade destinada ó aproveitamento de recursos naturais que se consideren incompatibles coa finalidade que xustifica a creación do parque natural.

Artigo 4º

O Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés é o instrumento principal de planificación do espazo natural, e as súas disposicións constitúen un límite para calquera outro instrumento de ordenación territorial ou física.

Artigo 5º

1. A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes confeccionará un Plan Rector de Uso e Xestión que, logo de informe da Xunta Rectora, será aprobado pola devandita consellería.

A aprobación definitiva será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

2. O dito plan rector terá unha vixencia de cinco anos, debendo ser revisado ó finalizar este prazo, ou antes, se fose necesario, e incluírá:

a) As directrices específicas de ordenación e uso do parque natural.

b) As normas de xestión e as actuacións necesarias para a conservación e protección dos seus valores naturais e para garanti-lo cumprimento das finalidades de investigación e interpretación dos fenómenos naturais, educación no coñecemento da natureza, así como uso e desfrute polos visitantes.

c) As normas oportunas para a utilización racional dos recursos naturais, a execución das actuacións precisas para o mantemento do equilibrio ecolóxico e a concesión de subvencións e outros auxilios ás explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e ás actividades científicas, culturais e recreativas que poideran realizarse no ámbito deste decreto.

4. Todo proxecto de obra, traballo ou aproveitamento que non figure no plan rector ou nas súas revisións e que se considere necesario realizar, deberá ser xustificado debidamente, tendo en conta as directrices daquel, e autorizado pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes previo informe da Xunta Rectora.

Artigo 6º

1. Créase a Xunta Rectora do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, que colaborará coa Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, na xestión e administración do espazo natural, prestándolle o asesoramento e promoción para o mellor cumprimento das súas funcións.

2. Esta xunta estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: unha persoa de recoñecido prestixio científico ou técnico no ámbito da conservación da natureza e coñecedor do territorio afectado polo parque. Será nomeado polo conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes por proposta do director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.

Vicepresidente: un representante dos concellos afectados, elixido entre eles mesmos, exercendo o cargo en quenda rotatoria.

Vocais:

—Un representante da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

—Un representante da Consellería de Cultura e Xuventude.

—Un representante da Universidade de Vigo, no ámbito académico de Ourense.

—Un representante da Deputación Provincial de Ourense.

—Un representante de cada un dos municipios afectados.

—Un representante da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.

—Un representante da Secretaría Xeral para o Turismo.

—Un representante dos propietarios dos predios existentes no parque natural, designado entre eles mesmos.

—Un representante de asociacións elixido por elas mesmas, de entre as que figuren inscritas no Rexistro de Asociacións Protectoras do Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

—Unha persoa de recoñecida competencia no campo de conservación da natureza designada pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Secretario: o director-conservador a que se refire o artigo 8º do presente decreto, que actuará con voz e voto.

Artigo 7º

Son funcións da Xunta Rectora, ademais doutras especificadas neste decreto:

a) Velar polo cumprimento das normas establecidas e propoñer posibles ampliacións do parque natural.

b) Propoñer normas e elevar propostas para a eficaz defensa dos valores e singularidades do parque natural e realizar cantas xestións considere beneficiosas para este.

c) Aprobar inicialmente o Plan Rector de Uso e Xestión e as súas revisións, velando polo seu cumprimento.

d) Aprobar inicialmente as memorias anuais de acti-

vidades e resultados, que o director-conservador do parque terá de elevar á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

e) Promover estudos, investigacións e actividades educativas e culturais, relacionadas co ámbito ordenado, así como fomenta-la súa divulgación.

f) Informar sobre calquera clase de traballos, obras ou aproveitamentos, programas de investimento e plans de investigación que se pretendan realizar, incluídos ou non no Plan Rector.

g) Propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, para a súa elevación ó Consello de Goberno, a celebración dos convenios e acordos que para ós fins do presente decreto considere necesario subscribir coa Administración do Estado ou outras Administracións públicas e corporacións.

h) Administra-los fondos e as axudas que outorgue á Xunta Rectora calquera entidade ou particular.

j) Aproba-las súas normas de funcionamento.

Artigo 8º

A dirección técnica do parque natural corresponderá a un director-conservador designado polo director xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.

Artigo 9º

Os concellos que teñan incluído nos seus termos municipais o parque natural terán preferencia para a obtención de axudas e subvencións relacionadas coa potenciación do medio natural e que contribúan ó seu desenvolvemento socioeconómico.

Artigo 10º

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes ishtar a suspensión de toda actividade que non dispoña da autorización preceptiva, non se axuste ás condicións de esta ou incumpra as prescricións do presente decreto.

Artigo 11º

A infracción do réxime de protección establecido para o parque natural, ou a non observancia da normativa vixente, serán sancionadas de acordo co disposto na Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestre ou nas normas que, se é o caso, poidan substituíla e demais disposicións que a teor da natureza da infracción resulten aplicables, e das que se deriven dos plans de uso e xestión que se desenvolvan.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.—As actuacións urbanísticas derivadas da lexislación sectorial deberán axustarse ás limitacións establecidas no presente decreto.

Segunda.—O proxecto de presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia incluírán as correspondentes consignacións para atende-las actividades e obras de

conservación e mellora, traballos de investigación, gastos xerais e cantas actuacións se deriven do presente decreto.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira.—Mentres non se aproben as normas de funcionamento pola Xunta Rectora, será de aplicación o previsto no capítulo II do título I da Lei de procedemento administrativo.

Segunda.—No prazo de dous meses, a partir da promulgación do presente decreto, deberá quedar constituída a Xunta Rectora do Parque Natural.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións, de igual ou inferior categoría, se opoñan ó disposto no presente decreto, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.—Facúltase o conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes para dicta-las disposicións necesarias para desenvolve-lo presente decreto.

Segunda.—Este decreto entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, once de febreiro de mil novecentos noventa e tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Tomás Pérez Vidal
Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes

ANEXO

Límites do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés.

Norte-leste. Desde a fronteira con Portugal, río da Montaña ata o lugar denominado Carballeira, á altura de onde desauga no río da Montaña un regacho procedente de Queguas.

Desde Carballeira, en liña recta, ata o vértice xeodésico de Couto Alto continuando pola liña de máxima pendente ata o corgo de Ereixa, polo que se descende ata a estrada local de Terrachán de Entrimo a Oleas.

Continúase por esta estrada ata o lugar de Lla onde se toma a pista para Lantemil e Reloeira.

Desde Reloeira ascéndese polo río Salas ata o río Nau (afluente pola esquerda) remontándoo ata a pista forestal de Manín ó lugar de Cimadevila.

Continúase ascendendo pola liña de máxima pendente dirección norte-sur ata a cota 600 m, s.n.m., que se

segue ata o p.k. 11 da estrada de Lobios a Portela do Home. Neste punto quilométrico continúa polo río Caldo ata o arroio da Cabreira polo que se ascende para alcanza-la cota 500 m, s.n.m., continuando por esta cota ata o río Vilameá á cota Veiga (783 m), recta que se continúa ó río Lobios (cota 640 m).

Remóntase polo arroio de Saa ata a cota 900 m, s.n.m. polo que se chega ó río Cabaleiro, descendéndose por esta á confluencia do arroio de Fontefría.

Desde a cota 800 m, s.n.m. sóbese ó outeiro das Lamellas (1.036 m) descendendo polo Entercadiño ó río Mao e por este ó río Salas.

O río Salas remóntase polo encoro de Salas, incluíndose dentro do parque unha franxa do encoro de 250 m de anchura sobre a liña de máxima capacidade ata a fronteira con Portugal.

Sur-oeste. Fronteira con Portugal.

Consellería de Cultura e Xuventude

Orde do 4 de febreiro de 1993 pola que se convocan os premios Álvaro Cunqueiro de textos teatrais, Carlos Velo de guións cinematográficos, Ramón Cabanillas de tradución e o premio de creación cultural feminina.

Cómpre que os escritores, guionistas e novos valores das letras produzan orixinais de calidade que identifiquen o noso cine e o noso teatro. Por outra parte, unha das mostras do grao de madurez dunha lingua é a súa capacidade para traducir obras doutros idiomas. Cómpre promover a tradución de obras doutros idiomas para permitirlles ós cidadáns galegos o desfrute das obras escritas orixinariamente noutras linguas.

A activa participación da muller no desenvolvemento cultural de Galicia é un feito innegable que merece ser premiado como exemplo a seguir en tódalas áreas da sociedade.

Para a promoción dos textos teatrais, os guións cinematográficos e as traducións foron creados os premios Álvaro Cunqueiro de textos teatrais, Carlos Velo de guións cinematográficos e Ramón Cabanillas de tradución. Para apoiar-lo labor creativo da muller galega convócase o premio á creación cultural feminina.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Convócanse os premios Álvaro Cunqueiro de textos teatrais, Carlos Velo de guións cinematográficos, Ramón Cabanillas de tradución, todos eles escritos en galego

segundo a lexislación vixente, e o premio á creación cultural feminina, con cargo á partida presupostaria 11.02.353.B.640.10 dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1993.

Artigo 2º

2.1. Os premios Álvaro Cunqueiro, Carlos Velo e o premio á creación cultural feminina están dotados con 1.000.000 (un millón) de pesetas cada un e serán indivisibles. O premio Ramón Cabanillas está dotado con 1.000.000 (un millón) de pesetas e poderase subdividir en dous premios de 500.000 (cincocentas mil) pesetas cada un se o considera conveniente o xurado.

2.2. Os premios poderán ser declarados desertos.

Artigo 3º

3.1. Poden optar ó premio Álvaro Cunqueiro os escritores que presenten un texto teatral inédito, non representado e non premiado noutros concursos, escrito en galego cunha extensión mínima de 30 páxinas.

3.2. Poden optar ó premio Carlos Velo os guionistas que presenten un guión de cine, inédito e non premiado noutros concursos, escrito en galego cunha extensión mínima de 100 páxinas.

3.3. Optarán ó premio Ramón Cabanillas as obras traducidas ó galego e publicadas entre o 1 de agosto de 1992 e o 31 de xullo de 1993, de conformidade co depósito legal, sen que sexa necesario presentar solicitude.

3.4. Poden optar ó premio á creación cultural feminina aquelas mulleres galegas ou residentes en Galicia que contribuísen co seu traballo de creación á afirmación dos valores culturais galegos.

Artigo 4º

4.1. As persoas que queiran concorrer ós premios Álvaro Cunqueiro e Carlos Velo entregarán cinco exemplares do seu orixinal utilizando un lema que inscribirán na súa portada.

Xunto coas obras presentarán un sobre cerrado no exterior do cal escribirán o mesmo lema da súa obra e no interior figurarán os datos persoais, enderezo, teléfono e unha fotocopia do documento nacional de identidade do autor. No envío destes documentos farán constar claramente o premio ó que concorren.

As obras presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Cultura e Xuventude ou nas súas delegacións provinciais no prazo de catro meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

4.2. Non obstante o disposto no artigo 3.3., os tradutores que o desexen, por iniciativa propia ou dunha editorial, poderán presenta-las súas traducións ó premio Ramón Cabanillas, para o cal dirixirán petición ó conselleiro de Cultura e Xuventude e presentaranas no rexistro xeral da Consellería de Cultura e Xuventude ou nas súas delegacións provinciais antes do 31 de xullo de 1993, xuntando á solicitude catro exemplares de cada obra.